

DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN PROFESIONAL

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FP DE GRAO SUPERIOR 2018 (GALICIA)

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, convocou no [DOG do 15 de febreiro de 2018](#) os **Premios Extraordinarios para os titulados en Formación Profesional de Grao Superior que remataron os estudos no curso 2017.**



EN QUE CONSISTE O PREMIO:

- O alumnado que obteña o premio extraordinario, ademais da dotación económica (máximo 850 euros), recibirá un diploma acreditativo e o/a secretario/a do centro público onde estea depositado o expediente académico anotará nel a distinción e farao constar nas certificacións académicas que se emitan.
- Os/as alumnos/as que obteñan o premio extraordinario de formación profesional poderán concorrer, logo de inscrición, ao correspondente premio nacional. Estes premios extraordinarios son compatibles con calquera outro premio.
- Convócase un premio por familia profesional implantada en Galicia (23 premios en total).

REQUISITOS DOS PARTICIPANTES:

- Ter cursado estudos de formación profesional de grao superior no curso 2016/17 nalgún centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia, ben na modalidade presencial ou na modalidade a distancia e telos rematados no ano 2017.
- Ter obtido unha cualificación final media de todos os módulos igual ou superior a **8,50**.

FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

- O prazo de presentación de solicitudes será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia ([15 de marzo 2018](#)).
- A solicitude está dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, para a súa tramitación electrónica completa.
- Opcionalmente poderase presentar nun rexistro xeral da Xunta de Galicia.

